




Resume da charla-coloquio de María Xosé Agra Romero sobre On violence de Hannah Arendt (Facultade de Filosofía da USC, 28/01/16).

1. O PUNTO DE PARTIDA: A REFLEXIÓN SOBRE A VIOLENCIA.

- A urxencia de ter que pensar as novas formas de violencia (revoltas estudantís nos EE.UU., o movemento dos Black Panthers) que non abordadas polos filósofos.
- Os filósofos ante a violencia: reticencias á hora de analizar a violencia e tendencia a pensar a violencia en termos de condena ou absolución. Cando os pensadores reflexionan sobre a violencia céntranse preferentemente na guerra (Clausewitz: a guerra é a prosecución da política por outros medios) ou na violencia revolucionaria (Sartre, prólogo á obra de Fanon titulada Os condeados da terra. Apoloxía da violencia fronte ao imperialismo e o colonialismo).
- Arendt vs. Clausewitz: a guerra non é política, anticipo da oposición violencia vs. poder.
- Arendt vs. Sartre: a revolución concebida como liberación (emancipación) da opresión entraña violencia. Pero a liberación sempre é destrución, e non se identifica coa liberdade, que é política porque constrúe o espazo público.

2. A REFUTACIÓN DO CARÁCTER INNATO DA VIOLENCIA HUMANA.

- A consideración da violencia humana no pensamento científico e filosófico como un feito natural: a violencia animal, bestial, instintiva e innata como constitutiva do ser humano. Hobbes: a guerra de todo home contra todo home. Freud:

Tánatos, instinto de morte, impulso (Trieb) agresivo-destrutivo. Konrad Lorenz: instinto de agresividade.

- Arendt: a violencia humana nin é bestial nin é animal ou irracional. Non-reducción do ser humano a súa parte animal. A violencia humana é racional (un medio de dominación e opresión) e instrumental (instrumentos para violentar, armas).

3. A DISTINCIÓN VIOLENCIA/PODER EN ARENDT.

- Diferencia de violencia e poder. Distinción clave para poder pensar aquilo que é constitutivo da política: ¿que é o esencial da política?
- Violencia (violence, Gewalt) vs. Poder (power, Macht). A violencia é destrución, non crea algo novo, tan só destrúe o existente. O poder é creación, constrúe algo novo, xurde do actuar conxuntamente dos individuos. O poder depende de nós, non de ningunha instancia allea aos propios homes (Deus, Historia, Tradición). O poder crea o mundo común.
- Crítica do nexa Estado-poder-violencia en Max Weber: definición weberiana do Estado e do poder como monopolio da violencia lexítima.

4. A POLÍTICA COMO ACCIÓN.

- Tres actividades fundamentais no ser humano (ámbitos da vita activa): labor (labor), traballo (work) e acción (action). Acción: como ámbito da política. A acción concebida en termos de praxis.
- Constituímonos como seres políticos ao actuar, facémonos seres políticos vs. Aristóteles: xa nacemos sendo animais políticos (aínda que despois o propio pensador grego incurra en evidentes contradicións ao practicar as exclusións na categoría de cidadanía en función da merma da capacidade deliberativa, permanente en mulleres e escravos e temporal nos varóns xóvenes).
- Distinción pensamento/acción: pensar (thinking, denken). O pensamento é unha actividade individual e contemplativa (vita contemplativa) que implica un distanciarse do mundo. Mentras que a acción conleva un actuar colectivo que crea un mundo común. Asunción da dicotomía teoría/praxe marxista: “Os filósofos non fixeron nada máis que interpretar o mundo, do que se trata é de transformalo” (Karl Marx, Once Tese sobre Feuerbach).

5. A POLÍTICA COMO O QUE ESTÁ ENTRE.

- O ámbito específico da política é *o que está entre* (*inter esse*, *interesse*, *zwischen*, *between*) os individuos. Ese espazo político é o mundo (*world*, *Welt*).
- Cuestións centrais na política: ¿como creamos ese mundo?, ¿como se xera ese espazo común?, ¿como podemos vivir xuntos os diversos?
- O mundo é construído entre todos e ese mundo común é a expresión do poder que nace cando os individuos actúan concertadamente. A política xurde entre os homes cando estes actúan (acción) colectivamente (poder) para crear un espazo público (mundo).

6. A POLÍTICA COMO NATALIDADE.

- Política como innovación, creación, inicio, comenzo: un crear algo novo por parte dos individuos ao actuar conxuntamente con outros individuos. E cada individuo que se incorpora ao mundo é unha singularidade, un novo comenzo vs. Heidegger, o home é un ser para a morte.
- Política, natalidade: posibilidade de cambios de consecuencias impredecibles e imprevisibles (coincidencia con Maquiavelo, Rosa Luxemburg, noción de espontaneidade e Nancy Frazer, *flying without instructions* vs. Karl Marx, materialismo histórico: concepción teleolóxica da Historia rexida por leis inamovíbeis que determinan de xeito inexorable o paso dunha formación social a outra).
- Natalidade: constitución dun vivir xuntos, unha experiencia vivida novedosa, irrumpir de algo novo fora das institucións da política regradada e formal (por exemplo, a Comuna de París, os consellos obreiros na revolución húngara de 1956).

7. UNHA VISIÓN REPUBLICANA DA LIBERDADE.

- Concepción republicana da política como algo constitutivo dos seres humanos que aparece co exercicio da acción colectiva por parte dos individuos cando crean un mundo común en base ás experiencias vividas. A política é un exercicio da liberdade e crea un espazo de liberdade. Coextensión de política e liberdade.
- Rasgos dunha visión republicana da política en Arendt: autogoberno, poder compartido, espazo público.

Power corresponds to **the human ability** not just to act but **to act in concert**. **Power** is never the property of an individual; **it belongs to a group** and remains in existence only so long as **the group keeps together**. When we say of somebody that he is “*in power*” we actually refer to his being **empowered by a certain number of people** to act in their name. The moment the group, from which the power originated to begin with (potestas in populo, **without a people or group there is no power**), disappears, “*his power*” also vanishes.

Power needs no justification, being inherent in **the very existence of political communities**; what it does needs is legitimacy. **Power** springs up **whenever people get together and act in concert**, but it derives its legitimacy from the initial **getting together** rather from any action that then may follow. **Violence can be justifiable, but it never will be legitimate.**

To sum up: politically speaking, it is insufficient to say that **power and violence are not the same**. **Power and violence are opposites**; where the one rules absolutely, the other is absent. This implies that it is not correct to think of the opposite of violence as nonviolence; to speak of non-violent power is actually redundant. **Violence can destroy power**; it is utterly incapable of creating it.

(Hannah Arendt, Crises of the Republic. On Violence)